




CHARLATANA CIRCO CATÁLOGO 2025 CHARLATANA CIRCO CATÁLOGO 20

CATÁLOGO 2025 CHARLATANA CIRCO CATÁLOGO 2025

Elenco: Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo: Peor imposible

Modalidade artística: Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido: Público infantil e familiar

Idioma: Galego

Duración do espectáculo: 60 min.

Localización: Espazo exterior e interior

Premios Premio do público do Festiclown 2014 Rivas Vaciamadrid

PEOR IMPOSIBLE

Un novo unipersoal do recoñecido pallaso Peter Punk no que mantén a súa esencia e o humor irreverente co que acadou o éxito. E onde dá mostra da súa veteranía e madurez, tras máis dunha década de traxectoria profesional.

Peter Punk non contaba con que as cousas sempre poden ir a peor. Na súa nova aventura, non lle queda outra que afrontar o seu fracaso. Pero está disposto a todo pola risa do público.

Unha catedral de nove paraugas en equilibrio, o salto ao baleiro dun voluntario a cegas, o perigoso Circuito da Morte, e un evocador final que sorprenderá ás máis cativas e cativos, e fará reflexionar ao público adulto.

Nesta ocasión veremos a un pallaso optimista, equilibrado e olímpico, que buscará a complicidade do público para superar as dificultades que atopará en cada rutina, como unha metáfora dos tempos que vivimos.

PETER PUNK

Peter Punk é un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos.



Elenco: Isaac Rodríguez "Peter Punk"
Nome do espectáculo: Chungo que te cagas
Modalidade artística: Circo, Malabares, Humor, Clown
Público ao que vai dirixido: Infantil e familiar
Idioma: Galego
Duración do espectáculo: 60 minutos
Localización: Espazo interior ou exterior
Premios Premio do público Mundoclown 2008. Vigo, Galicia.

CHUNGO QUE TE CAGAS

É o primeiro espectáculo co que Peter Punk comeza a súa andaina como pallaso e no que se perfila a súa personalidade divertida e irreverente, que fará as delicias de cativas, cativos e maiores; creando un universo propio no que a liña de traballo é a diversión, o xogo e unha visión moi persoal do mundo.

Mostrará a súa destreza (ou non) con elementos que van aparecendo da súa maleta: pelotas, un prato chinés, fachos de lume e o clásico tartazo reinventado ao máis puro estilo deste irreverente pallaso internacional. O seu particular "Chungo que te cagas" é o "Máis difícil aínda!" do circo clásico. Este é o seu espectáculo máis universal e todoterreo, perfecto para calquera tipo de espazo e público.

PETER PUNK

Peter Punk é un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos.



Elenco: Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo: A Chungatrona

Modalidade artística: Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido: Público infantil e familiar

Idioma: Galego

Duración do espectáculo: 60 minutos

Localización: Espazo interior ou exterior

Premios: Premio do público Festiclown 2013. Rivas Vaciamadrid

A CHUNGATRONA

Neste espectáculo Peter Punk crea un conxunto de rutinas que confirma a súa intención de converterse nunha referencia do novo circo galego como pallaso.

Neste espectáculo veremos unha aloucada entrada en escena coa Testarrosa, o miniciclo de Peter Punk. A máxima desaparición dun globo no seu bandullo, a destreza dunha voluntaria con tres aros e un baleirador de ideas.

E como colofón, un final único no mundo: *A CHUNGATRONA!!* Un aparello pensado por un pallaso, que manterá ao público en tensión ata que... algún incauto resulte totalmente mollado e coa cara cuberta de torta. Todo isto para desatar a risa, a diversión e a loucura do público: nenas, nenos e maiores.



PETER PUNK

Peter Punk é un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos.

Elenco: Isaac Rodríguez "Peter Punk" e Brais das Hortas
Nome do espectáculo: Peter Punk e o Neno Imperdible
Modalidade artística: Circo, Música, Malabares, Humor, Clown
Público ao que vai dirixido: Público infantil e familiar
Idioma: Galego
Duración do espectáculo: 60 minutos
Localización: Espazo interior ou exterior

PETER PUNK E O NENO IMPERDIBLE

Que lle acontece a un pallaso cando o seu ego supera o seu propio nariz?

Descúbreeo neste trepidante espectáculo, no que Peter Punk e Brais das Hortas comparten elenco por primeira vez. Un tendedeiro en equilibrio, un salto ao baleiro en monociclo, unha voluntaria morta e resucitada en escena, seis instrumentos interpretados ao vivo (guitarras: clásica, eléctrica e portuguesa, acordeón e bucina) e ata Peter Punk atreveuse coa harmónica!! E como final: *A Chungatrons*: un artefacto único no mundo, pensado por un pallaso. Estes son algúns dos elementos desta novidosa proposta teatral dirixida polo recoñecido director arxentino Walter Velázquez e no que participan Peter Punk e Brais das Hortas. Esta é unha obra que destaca polo seu coidado guión, a elaboración e enxeño das rutinas, un gran traballo de dirección e unha orixinal escenografía.

Un músico e un artista de circo. Dous pallasos en constante reconciliación entre eles, consigo mesmos e co mundo enteiro. Un delirio nun monociclo pinchado. Diversión, música ao vivo e momentos de tensión e risco. Un completo espectáculo para desfrutar tanto na rúa coma no teatro.

PETER PUNK

Peter Punk é un dos pallasos máis programados e destacados en Galicia. Conta con máis de 1000 funcións ás súas costas en diversos países, programacións e espazos.



Elenco: David Varona e Jonathan Valencia
Nome do espectáculo: Capsula do tempo
Modalidade artística: Humor, Clown, Malabares
Público ao que vai dirixido: Todas as idades
Idioma: Galego
Duración do espectáculo: 50 minutos
Localización: Espazo interior ou exterior

CÁPSULA DO TEMPO

Jack Johnson & John Jackson únense para presentar un espectáculo único e irrepetible, onde deixarán ao público abraiado e escachando coa risa coas súas rutinas de novo circo.

Jack Johnson e John Jackson crean unha atmosfera de maxia e surrealismo, na que o público será partícipe e parte fundamental do espectáculo.

A súa Cápsula do Tempo e o público serán o nexo de unión entre os distintos números que conforman o espectáculo, creando así unha enerxía única que John e Jack empregarán para darlle forza e sentido ao seu show, e deixando claro que.... *Onde non chega a maxia, chega a actitude!*



JACK JOHNSON & JOHN JACKSON

Dúo formado por David Varona (Jack Johnson) e Jonatham Valencia (John Jackson).

Elenco: Víctor Cantero
Nome do espectáculo: Pallaso Total
Modalidade artística: Clown, Malabares, Maxia, Música
Público ao que vai dirixido: Infantil e familiar
Idioma: Galego
Duración do espectáculo: 60 minutos
Localización: Espazo interior ou exterior

PALLASO TOTAL

Duende Circo é a creación de Víctor Cantero, un ser dedicado a revolucionar e a sorprender, en calquera momento e lugar. Un artista multidisciplinar, apaixonado da vida!

Habilidades e fracasos para todos os públicos. Humor, malabares, música e maxia son algúns dos ingredientes deste explosivo cóctel.

Dende 2009 ata hoxe realiza diferentes espectáculos, unipersonais ou acompañado de outros artistas.

Traballa en diversos espazos e programacións culturais como festivais, escolas, salas, prazas...

DUENDE CIRCO

Víctor Cantero "Duende Circo" ten participado en festivais como Pardiñas (Lugo), Millo Verde (Pontevedra), Vibra Balboa (León), Ponte Louco (Ourense), Noite da Lúa Meiga (Pontevedra), Encontro Internacional de Malabaristas O Retruke (A Coruña), As San Lucas de Mondoñedo (Lugo), Encontro de malabares de Pradoluengo (Burgos), FIC Gáldar (Gran Canaria). Habitúa-te (Portugal) etc.



Elenco Antonio Delgado
Nome do espectáculo Antuán de la Cream
Modalidade artística Circo, Malabares, Humor, Clown
Público ao que vai dirixido Infantil e familiar
Idioma Castelán
Duración do espectáculo 50 minutos
Localización Espazo interior ou exterior
Premios Mellor espectáculo. Callejearte. II Festival de Teatro de Calle. Azagra 2014

ANTUÁN DE LA CREAM

Se existe unha montaña rusa do riso, esa é Antuán de la Cream. O espectáculo que presenta é unha viaxe humorística ao máis puro estilo Clown. Nel oscilará dende a serenidade ao nerviosismo, provocando gargalladas que acompañarán ao seu público por este periplo onde Antuán case nunca perde o control...

A naturalidade e o salero desta personaxe logran conectar velozmente co público. Coa inquietude que o caracteriza, e como bo amante da improvisación, a este pallaso encántalle verse en problemas e facer da resolución destes o momento triunfal da velada.

Un carrusel de emocións do que ninguén quere baixarse.

"Antuán de la Cream é ao circo o que a auga é á vida, algo imprescindible e tremendamente fresco." (María von Touceda).

ANTUÁN DE LA CREAM

Malabarista especializado en spining con pelotas e equilibrio de obxectos. Clown e improvisador teatral.

